

## Preto dun milleiro de veciños crean unha plataforma de afectados polo viario de alta capacidade

Escrito por Faro de Vigo  
Martes, 15 Xullo 2008 02:19

---

A definición de novos trazados alternativos para a autovía Tui Tomiño cultivou máis detractores que as dos propostos no seu día pola anterior Xunta. Polo menos, nun período de tempo moito máis curto. Tan só tres días despois de que o Concello de Tomiño dese a coñecer os trazados e aínda sen haberse publicado no DOG.

Os veciños da zona estaban convocados a unha reunión informativa na casa sindical e esta quedou tan pequena para acoller ao público asistente e tiveron que manter o encontro ao aire libre. Preto de mil persoas acudiron para manifestar a súa opinión na reunión na que se constituíu a xestora da asociación «defende ou medio rural de Tomiño afectado pola autovía».

A nova entidade, presidida por Mari Cruz Rivas, xorde para «rexeitar todos os trazados do novo proxecto e retómese a alternativa que se aprobou non seu día, coñecida como número dous e que dicurría preto do río». A asociación asegura que o actual proxecto, «divide Tomiño en dous e ten un gran nivel de afectación de casas»

Pola súa banda, a organización Pacivac anunciou onte que presentarán unha alegación xeral ás tres alternativas, recomendando que vaia polo monte.